REPORTAXE ______________________________

# CAMIÑANDO CARA Á IGUALDADE



"TODOS OS SERES HUMANOS NACEN LIBRES E IGUAIS EN DIGNIDADE E DEREITOS E, DOTADOS COMO ESTÁN DE RASÓN E CONCIENCIA, DEBEN COMPORTARSE FRATERNALMENTE ENTRE ELES"

DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS. ART.1





AXEXO 2 002

Sen embargo, as mulleres tiveron que loitar moito ó longo da historia para que lle fosen recoñecidos os seus dereitos....

- No ano 1857 un grupo de mulleres ocuparon a fabrica textil onde traballaban na cidade de Nueva York, para esixir igualdade de salarios e unha xornada de 10 horas de traballo.
  A resposta dos donos a esta reclamación foi provoca-lo lume na planta ocupada onde morrerón 129 obreiras.
  Por iso elexiuse o día 8 de marzo para honrar a súa memoria e lembrar a súa testemuña.

- No ano 1869 o Estado norteamericano de Wyoming foi o primeiro que recoñeceu o dereito ó voto das mulleres.

- No 1878 Emma Nut pasa á historia como a primeira muller telefonista.

- No 1910 Clara Zetkin logrou que o Congreso de Mulleres Socialistas de Copenhague proclamase o día 8 de marzo como "Xornada Internacional da Muller".



- Nese mesmo ano 1910 Jane Addans convértese na primeira muller que presidia a Conferencia Nacional do Traballo Social en Estados Unidos.

  No ano 1931 recibirra o Premio Nobel da Paz.

- No ano 1936 por primeira vez unha muller, Federica Montseny – lider do movemento anarquista, chegou ó cargo de ministra (ministra de Sanidade da II república).

- No 1946 a nova Constitución francesa recoñece o PRNCIPIO DE IGUALDADE entre homes e mulleres.

- No ano 1977 a Asamblea xeral das Nacions Unidas decide celebrar o día da muller traballadora o 8 de marzo.

· Se nos paramos a analizar algúns destes datos, que nos pareceron máis representativos, vemos que pouco a pouco fóronse conquistando moitos logros....



## .NO TRABALLO

* Por cada 100 horas traballadas polos varóns, as mulleres traballan 110.
* No sector privado a muller ten un 30% de salario menos que o home.
* Só un 7% de mulleres ocupan un posto directivo nas empresas españolas, e un 17% altos cargos en organismos públicos e privados.
* Só hai duas mulleres presidentas de banca

## .NO FOGAR

* Os homes adican á realización das actividades domésticas 7 minutos máis que fai 5 anos: Na actualidade os homes adicanlle 111 minutos e as mulleres 537.
* Os varóns superan as mulleres nas tarefas de manteñemento.
* En España hai 221 xuíces mulleres e 157 homes.

Na máxima instancia de xustiza, o Tribunal Superior, hai 93 homes e 1 muller.



AXEXO 2 002

· NA EDUCACIÓN E NA CULTURA

* Nos case 300 anos de existencia da Real Academia Española da lingua contou con 448 académicos dos cales só 5 foron mulleres.

* Navegou por INTERNET un 61 % de homes fronte a só un 39 % de mulleres.

* Do alumnado que padece fracaso escolar o 36,4 % son homes e o 27,7 % mulleres.

· NA POLÍTICA.

* Composición do congreso dos diputados : 104 mulleres e 246 homes.
A presidencia está ocupada por unha muller.

* Composición do senado : 65 mulleres e 194 homes.
A presidencia está ocupada por unha muller.

* Parlamento de galicia :
- 26 mulleres
49 homes.

Ademáis de traballar coas noticias, informes, exemplos persoais, etc. recollidos nos xornais e revistas, o "Día da Muller Traballadora" (8 de marzo) asistimos a unha conferencia no Centro, a cargo de Ana Rosa Lorenzo que nos falou sobre "Os oficios dos homes e das mulleres"

